



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BERGONDO

Secretaría

Información pública. Dedicación exclusiva

Información Pública. Dedicación exclusiva

O Concello Pleno en sesión extraordinaria celebrada o 7 de xullo de 2015, adoptou o seguinte acordo, que se fai público en cumprimento do establecido no artigo 75.5 da lei 7/1985, de 2 de abril:

PRIMEIRO. Recoñecer o desempeño con dedicación exclusiva do cargo de alcaldesa-presidenta do Concello de Bergondo.

SEGUNDO. Fixar como retribución bruta anual para a Alcaldesa-Presidenta, a cantidade de trinta e seis mil catrocentos euros – 36.400,00 €- cantidade que será aboada mensualmente coas nóminas municipais, pagadera en catorce mensuralidades (doce ordinarias e dúas extraordinarias), e que experimentará as variacións legais previstas para as retribucións dos funcionarios nas sucesivas leis anuais de presupostos, con efectos dende a data da súa aprobación.

TERCEIRO. Solicitar á Tesoureiría Xeral da Seguridade Social a Alta da sra. Alcaldesa- Presidenta, con efectos da data de aprobación, e asumindo o Concello as obrigas que as normas do Réxime Xeral da seguridade social impoñen ás empresas en relación cos traballadores ao seu servizo, asumindo a corporación o pago da cota empresarial correspondente.

CUARTO. Autorizar e dispoñer o gasto, con cargo as aplicacións presupostarias correspondentes, ás que se imputarán os gastos que correspondan ao período comprendido dende a aprobación desta proposta ata o trinta e un de decembro do presente ano, aos que se refiren os puntos segundo e terceiro do presente acordo; e de se-lo caso realizar as correspondentes modificacións orzamentarias.

QUINTO. Publicar íntegramente no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de anuncios da Corporación e no portal de transparencia o presente acordo plenario, para os efectos do previsto no art. 75.5 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Bergondo, 8 de xullo de 2015

A alcaldesa-presidenta

Alejandra Pérez Máquez

2015/7475